

DOMINGO XXXI ORDINARIO (A)

PRIMEIRA LECTURA Mal 1, 14b -- 2, 2b. 8-10

LECTURA DO LIBRO DE MALAQUÍAS

Eu son o gran Rei -fala o Señor dos Exércitos-, e o meu Nome é temible entre os pobos. Agora esta orde vai para vós, sacerdotes: Se non facedes caso e se non colledes a peito darlle gloria ó meu Nome -fala o Señor dos Exércitos-, botarei contra vós a maldición.

Vós apartastes a moitos do vieiro, desviástelos do cumprimento da lei, violáste-la alianza con Leví -fala o Señor dos Exércitos-. Tamén eu vos volverei desprezables e viles para tódolos pobos, na medida en que vós non gardáste-los meus vieiros, e na medida en que non considerastes estimable a lei.

¿Non temos todos nós un único Rei? ¿Non vos criou a todos o único Deus? ¿Por que traizoamos cada un o seu irmán, violando a alianza de nosos pais?

SALMO RESPONSORIAL Sal 130, 1. 2. 3

R/. Garda, Señor, a miña alma en paz diante de ti.

Señor, o meu corazón non é soberbio
nin os meus ollos altivos.
Non persigo grandeza
nin marabillas que me exceden.

Eu acalmo e acalo a miña ansia,
coma un meniño no colo da súa nai;
coma nun meniño está en min a miña ansia.

Agarde Israel o Señor,
desde agora e para sempre.

SEGUNDA LECTURA 1 Tes 2, 7b-9. 13**LECTURA DA PRIMEIRA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO ÓS TESALONICENSES**

Irmáns: Fixémonos tenros no medio de vós, coma unha nai que agarima os seus fillos. Polo cariño que vos tiñamos estabamos dispostos a entregarnos non só o Evanxeo de Deus, senón a nosa propia vida: tanto vos fixestes querer. Acordaravos, irmáns, o noso esforzo e fatiga: traballando noite e día, por non sermos unha carga para ningún de vós. Así foi como vos predicámo-lo Evanxeo de Deus. É tamén por isto polo que lle damos decote grazias a Deus: porque, ó recibirdes de nós a palabra de Deus, acolléstela non coma palabra de homes, senón coma o que verdadeiramente é: coma palabra de Deus, que actúa en vós, os crentes.

EVANXEO Mt 23, 1-12**LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO**

Naquel tempo, díxolles Xesús ós discípulos e mais á xente: Na cátedra de Moisés sentaron os letrados e mailos fariseos. Facede, logo, e cumpride canto vos digan, pero non imitéde-la súa conducta porque falan pero non cumpren. Atan fardos pesados e cárganos no lombo dos outros, pero eles nin un dedo poñen para os mover.

Todo o que fan é para que os vexan: visten aparatosamente, ancheando as filacterias e as franxas dos seus mantos; buscan os primeiros postos nos banquetes e os primeiros asentos nas sinagogas; que lles fagan reverencias nas rúas e que lles chamen "mestre".

Vós non vos fagades chamar "mestre", pois un só é o voso Mestre, e todos vós sodes irmáns. E a ninguén na terra chamedes "pai", porque un só é o voso Pai, o celestial. Nin tampouco vos fagades chamar "guieiro", porque un só é o voso Guieiro, Cristo. O máis importante entre vós ha de ser servidor voso. Porque quen se enaltece, será humillado, e quen se humilla, será enaltecido.